

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 11 de outubro de 2012, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
MJ. Franco
Antonio Marín
Alberte Pagán

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Nomeamento do novo secretario/a da CCP.
 3. Alumnos con necesidades educativas especiais.
 4. Proposta de organización das probas para pendentes.
 5. Suxestións e preguntas.
1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.
 2. Ante a falta de candidatos, queda nomeado como novo secretario da Comisión de Coordinación Pedagóxica o profesor de educación física Manuel Pimentel.
 3. Comunícase aos xefes de departamento a necesidade de rematar e entregar as adaptacións curriculares de David González Silva e Jose Pena Sanlés. Tamén se informa do protocolo de seguimento para os alumnos obxecto de adaptación do currículo ou reforzo educativo.
 4. Infórmase das medidas de atención aos alumnos adoptadas en primeiro da ESO no relativo aos desdobres en lingua castelá (profesoras Barcala e Domínguez) e matemáticas (profesora Hernández e Hermo).
 5. Recórdase aos xefes de departamento a necesidade de entregar, tanto aos propios alumnos coma ao xefe de estudos, o plan de traballo para os alumnos con materias pendentes e o calendario de exames das materias pendentes.
 6. En relación ás materias pendentes, a directora propón o seguinte calendario de avaliacións e entrega de boletíns. **1ª Avaliación:** avaliación o 30 de xaneiro e o 1 de febreiro para entrega de boletíns. **2ª Avaliación:** avaliación o 17 de abril e o 19 de abril para entrega de boletíns. Quedan por establecer as datas para a 3ª avaliación, as cales, posiblemente, coincidan coas dos grupos respectivos. A directora recorda que a avaliación de 2º de bacharelato ten que realizarse antes do día 20 de maio, día da avaliación final.
 7. Establécese como data límite para entregar a proposta de actividades extraescolares, as programacións didácticas e as carpetitas de departamento o luns 15 de outubro. A profesora Encarna Domínguez suxire a posibilidade de acudir a algunha actividade extraescolar, non incluída inicialmente no calendario de actividades, pero que polo seu interese pedagóxico debería ser desenvolta. A directora puntualiza que estas se autorizarán a través dun mecanismo extraordinario para autorización de actividades.
 8. Comunícase á CCP que a avaliación inicial se realizará o 24 de outubro a partir das 16:30, empezando por 1º da ESO e continuando de forma correlativa con 30 minutos para cada grupo.
 9. Invítase aos profesores a darlles aos alumnos os criterios de avaliación e os mínimos esixibles e a deixalos nunha carpeta, habilitada a tal efecto, no dominio espinheira > profes > curso 2012 2013.
 10. Infórmase os profesores da posibilidade de comunicar vía SMS aos pais que aceptaron esta forma de comunicación, as datas dos exames dos alumnos de ESO e BAC.
 11. Proponse a posibilidade de facer unha pre-avaliación do alumnado da ESO vía telemática. O profesor García Vidal apunta a sobrecarga de traballo que suporía para o profesorado esta medida. O profesor Sónora Luna recorda que esta medida xa foi levada a cabo con escaso éxito. Esta decisión queda pendente de valoración.
 12. Infórmase á CCP da composición do Equipo de Normalización Lingüística: Margarita Picón, Manuel Pimentel, Mercedes Vilar, José Carou, Santiago Gestoso, Antón Castro e os alumnos de 3º de PDC.
 13. Non hai suxestións nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas

O SECRETARIO

A DIRECTORA

Asdo: Manuel Pimentel González

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 14 de decembro de 2012, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
Antón Castro
Teresa Ferreirós
María Franco
Alberte Pagán

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Proposta de introdución do libro electrónico para a biblioteca.
3. Proposta de elaboración de materiais didácticos para colgar na web.
4. Plan de recuperación de pendentes.
5. Documento para información a titores.
6. Suxestións e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 11 de outubro de 2012.

2. A directora informa da data (19 de decembro) e horas (de 16:30 a 19:30) da 1ª avaliación. Tamén informa á C.C.P. do desenvolvemento do última xornada de clase antes do Nadal. Comunica que o 21 decembro haberá clase normal ata as 10:00, teatro de 10:00 a 11:30, entrega de notas ás 12:00 e saída dos autobuses ás 12:30. Os ciclos formativos e o bacharelato terán clase normal.

3. Proposta de introdución do libro electrónico para a biblioteca.

O xefe de estudos propón á CCP a introdución do libro electrónico na biblioteca, informa que o custe aproximado sería de 100 euros/tableta, a paulatina adquisición de equipos e cuestións relativas á obtención e compra dos libros en formato dixital.

4. Proposta de elaboración de materiais didácticos para colgar na web.

O xefe de estudos invita o profesorado á elaboración de materiais didácticos e ao emprego da páxina web (aula virtual) para o traslado de información ao alumnado, tanto de elaboración propia como de material baixado da rede ou dos distintos repositorios educativos (Abalar, Averroes, ..). Enfatízase tamén o feito de informatizar pouco a pouco os materiais didácticos de cada profesor e abrir a posibilidade, a diferenza dos apuntamentos ou do libro de texto, de engadir, modificar, ampliar ou eliminar contidos.

5. Plan de recuperación de pendentes.

O xefe de estudos informa da necesidade de mellorar a presentación dos Plans de Recuperación de Pendentes (PRP). Non en canto aos contidos nin á maneira de levalo a cabo, posto que esta decisión só corresponde aos departamentos e as programacións xa foron enviadas, senón en canto á presentación do mesmo. Recordá á CCP que os destinatarios deste documento son os pais, as nais e o alumnado e polo tanto deben responder a uns principios básicos (claridade expositiva, brevidade e concreción). Insiste na necesidade de mellorar a elaboración de documentos públicos e de facilitar a comprensión e uso dos mesmos.

Apunta a necesidade de diferenciar entre os P.R.P. que se desenvolven co alumnado que promocionan e o Plan de recuperación de aprendizaxes non adquiridas (PRANA) que se desenvolve cos alumnos que repiten curso.

Para tentar darlle un formato uniforme a este documento público e que sexa facilmente comprensible polos pais e alumnos, o xefe de estudos suxire a posibilidade de acordar unha serie de puntos básicos na presentación dos Plans de Recuperación de Pendentes e facilita un modelo/guión de P.R.P. que deberá ser estudado polos departamentos para a próxima C.C.P. Nesta proposta suxírese indicar o departamento e curso, ordenar a información por etapas e niveis, desenvolver o P.R.P. propiamente dito, indicar a atención ao alumnado, responsables en cada grupo, data de elaboración do documento e sinatura.

O xefe de estudos tamén propón que se acorde un formato único para os documentos entregados en canto ao estilo e á presentación dos mesmos. A proposta do equipo directivo é que os documentos se entreguen en formato Word, Arial 10, interlineado 1 e marxe normal (superior e inferior a 2,5 e dereita e esquerda a 3). Os profesores Lorenzo Fraga e Mónica Pérez manifestan que non empregan o procesador de textos Word. Esta decisión queda pendente de valoración.

6. Documentos para informar os titores.

O xefe de estudos entrega dous formularios para rexistro de información. Un para que os titores poidan facer o seguimento do seu alumnado con materias pendentes e outro para que os departamentos informen do rendemento do alumnado pendente aos titores.

Tamén se propón para o seu estudo un documento no cal se advirte ao titor do baixo rendemento ou escaso traballo dun alumno. Neste parte de baixo rendemento (P.B.R.) o profesor pode detallar o que compre mellorar sinalando as condutas máis comúns asociadas ao baixo rendemento.

7. Facilitación de información aos pais e nais.

O xefe de estudos informa que nunha reunión mantida cos titores se acordou que os informes online non foran entregados aos pais e que, de pediren un informe por escrito, este sería elaborado polo titor e entregado uns días despois.

Dada a dificultade de que un pai/nai recorde o que se lle dixo sobre todas as materiais, parece razoable, segundo o equipo directivo, que esta información sexa facilitada por escrito aos pais e as nais. Propóñense varios mecanismos para facer chegar esta información aos pais/nais: 1.- o titor dá formato aos comentarios do profesorado. 2.- Dar o informe uns días despois se o piden. 3.- Dar sempre e todos os titores o informe aos pais/nais tal como foi redactado polo profesorado.

O xefe de estudos apunta a necesidade de deixar claro que o informe se refire a un momento puntual do seguimento do alumno e que as notas poden variar (mellorando/empeorando) ata a avaliación en función do traballo, esforzo e exames realizados.

Esta consideración sométese a estudo para a próxima C.C.P.

8. O xefe de estudos agradece a implicación do profesorado no tránsito aos informes de tutoría online e recorda que estes se están elaborando na metade de tempo.

9. Suxestións e preguntas.

O departamento de matemáticas solicita que as sesións de avaliación non se realicen na sala de profesores aducindo razóns de confidencialidade para os asuntos relativos á tutoría e de dispoñibilidade da mesma para os profesores que non están avaliando nese momento.

O profesor Lorenzo Fraga pregunta que se fai cos documentos entregados e o xefe de estudos recorda que estes deben ser estudados e valorados para a próxima comisión pedagóxica.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas

O SECRETARIO

A DIRECTORA

Asdo: Manuel Pimentel González

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 18 de xaneiro de 2013, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
C. Chouza
M. Fernández
M.J. Franco
J.M. Pérez Morales

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Análise de resultados da primeira avaliación.
3. Suxestións e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 14 de decembro de 2012.
2. Por ausencia da Directora Mercedes Fernández Fernández, o xefe de estudos Manuel Pimentel González presenta os resultados da primeira avaliación.
3. Preséntase un estudo da primeira avaliación dende o punto de vista dos departamentos/assignaturas. Apúntase a necesidade de relativizar os resultados da primeira avaliación e non lle outorgar carácter predictivo do éxito ou fracaso escolar.
4. O xefe de estudos destaca que os resultados non son moi bos para un formato de traballo máis próximo ás clases particulares (2-6 alumnos nalgúns grupos).
5. O xefe de estudos anima ao profesorado a adoptar as medidas de reforzo educativo necesarias para que o alumnado poida superar satisfactoriamente a materia e anticipar/facilitar a creación dun grupo de diversificación curricular o próximo curso 2013-2014.
6. Coméntanse as gráficas presentadas por cursos e ábrese un turno de debate no que se suliña a necesidade de seguir traballando con determinados grupos o clima de clase e correxir o comportamento disruptivo de certos alumnos que imposibilitan o normal desenvolvemento da clase tanto en 2º E.S.O. como no ciclo medio de Instalacións de Telecomunicacións.
7. As gráficas entregadas ao profesorado achégase como anexo II no arquivo da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
8. Suxestións e preguntas.
Os profesores Mónica Pérez e Lorenzo Fraga advirten da existencia de erros nas gráficas presentadas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas

O SECRETARIO

A DIRECTORA

Asdo: Manuel Pimentel González

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 15 de febreiro de 2013, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
Pagán, A.
Pérez Arias, M.
Pérez Morales, J.M.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Análise de resultados da primeira avaliación de pendentes.
 3. Estudo da comunicación de baixo rendemento.
 4. Suxestións e preguntas.
1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 18 de xaneiro de 2013.
 2. Preséntase un estudo da primeira avaliación de pendentes dende o punto de vista dos departamentos. O xefe de estudos constata que en xeral os alumnos se están esforzando pouco para recuperar as materias pendentes, sobre todo aqueles alumnos con moitas materias pendentes.
 3. O xefe de estudos propón a necesidade de reconsiderar a maneira de traballar cos alumnos con materias pendentes pois nalgúns casos o seguimento dos mesmos non está sendo eficaz (non asisten ás reunións, non aproban os exames e non superan a materia).
 4. Coméntanse as gráficas presentadas por cursos e ábrese unha rolda de preguntas no que a profesora Mar Domínguez advirte a existencia dun erro nas gráficas presentadas.
 5. Os documentos entregados ao profesorado achéganse como anexo III no arquivo da C.C.P.
 6. O documento de Comunicación de baixo rendemento académico do alumno queda pendente de revisión e aprobación para a próxima C.C.P.
 7. Comunícase ao profesorado o seguimento que tiveron as actividades de Entroido celebradas o 8 de febreiro. Nelas, disfrazáronse o 80% dos alumnos da ESO.
 8. Notifícanse as modificacións realizadas na Adaptación Curricular de José Pena Sanlés en canto a traballo co grupo de referencia e traballo coa profesora de pedagogía terapéutica.
 9. Infórmase de que o equipo directivo xunto co departamento de Orientación comezaron a elaborar o Plan de Convivencia.
 10. A directora Mercedes Fernández comunica as datas de realización das próximas actividades extraescolares.
 11. Non hai suxestións nen preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas.

A DIRECTORA

O SECRETARIO

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

Asdo: Manuel Pimentel González

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 8 de marzo de 2013, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
Pagán, A.
Pérez Morales, J.M.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Aprobación da Comunicación de baixo rendemento.
 3. Plan de Recuperación de Pendentes.
 4. Suxestións e preguntas.
1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 15 de febreiro de 2013.
 2. Preséntase a versión definitiva da Comunicación de Baixo Rendemento do alumnado e decídese empregala como documento de transmisión de información entre o profesorado e o titor.
 3. No relativo ao Plan de Recuperación de Pendentes (P.R.P.) acórdase un modelo único de presentación dos P.R.P. e destácase a necesidade de facilitar o acceso aos pais e nais e ao alumnado desta información. Acórdase tamén considerar este modelo como unhas instrucións para a presentación dos P.R.P. para o próximo curso.
 4. Os puntos básicos do P.R.P. son entregados en anexos e enviados por correo electrónico aos xefes de departamento. Os aspectos fundamentais que deben ser tratados no P.R.P. son os seguintes:
 - A. Encabezamento: Referencia ao IES, Departamento e curso escolar.
 - B. Ordeado por etapas e cursos (ESO, BAC, Ciclos).
 - C. P.R.P. propiamente dito: traballos e actividades, tipo, lugar e data dos exames, prazos de entrega, referencia á data da avaliación e á entrega de notas de pendentes acordada na CCP.
 - D. Atención aos alumnos pendentes: día e lugar, periodicidade (cada 15 días, no recreo, na hora de TPA, na clase, ...)
 - E. Responsables do PRP: profesor do curso actual, o xefe de departamento, o profesor do PDC, ..
 - F. Data de elaboración do documento e nome do xefe de departamento.
 5. En canto á inclusión no documento de presentación dos P.R.P. dos contidos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles, recoméndase a non inclusión dos mesmos para evitar entregar ao alumnado un documento extenso de cada materia pendente. Neste sentido, considérase adecuado un documento de un ou dous folios.
 6. Acórdase un formato único para a presentación de documentos. Estes faránse con arreglo ao seguinte formato: Word, Arial 10, interlineado 1, marxe normal e páxinas numeradas abaixo e á dereita.
 7. Entrégase ao profesorado o horario de sesións de avaliación da segunda avaliación que se celebrará o 20 de marzo.
 8. Comunícase ao profesorado a proximidade da Avaliación de diagnóstico que se celebrará o 28 e 29 de maio para 2º da ESO.
 9. Os documentos entregados ao profesorado achéganse como anexo IV no arquivo da C.C.P.
 10. Non hai suxestións nen preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas.

A DIRECTORA

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

O SECRETARIO

Asdo: Manuel Pimentel González

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 5 de abril de 2013, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
C. Chouza

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Análise de resultados da primeira avaliación.
 3. Suxestións e preguntas.
1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 18 de marzo de 2013.
 2. Preséntase o estudo da segunda avaliación dende o punto de vista dos departamentos/ asignaturas. Sinálase que o rendemento baixou en determinados grupos (2º, 3ºPDC, 4º e nos ciclos) e que noutros houbo unha mellora sustancial (1º, 3º, 4ºPDC ou 1º BAC)
 3. Apúntanse como posibles causas do baixo rendemento: o pouco estudo dos alumnos e as circunstancias nas que moitos acceden ao centro (admisión extraordinaria a mediados de curso, ingreso mediante proba de acceso, procedencia de PCPI e PDC, alumnos que abandonaron os estudos fai moito tempo, ...)
 4. O xefe de estudos recalca que os resultados non son moi bos para un formato de traballo (pequeno grupo) tan individualizado na ESO e no Bacharelato
 5. O xefe de estudos anima ao profesorado a adoptar as medidas de reforzo educativo necesarias para que o alumnado poida superar satisfactoriamente a materia e anticipar/facilitar a creación dun grupo de diversificación curricular o próximo curso 2013-2014.
 6. Os resultados dos ciclos formativos son especialmente preocupantes posto que no primeiro ciclo de Telecomunicacións suspenden entre o 50% e o 90% dos alumnos e só 3 acceden á FCT en segundo. O ciclo de 1º de Xestión está nos mesmos parámetros de suspensos (50% - 90% dos alumnos non superan o módulo) e no ciclo de Administración entorno ao 30% do alumnado non supera os módulos de 1º. En xeral nos ciclos de administración os alumnos empeoraron menos os de segundo que aprobaron todo e acceden á FCT.
 7. No relativo á segunda avaliación de pendentes, ínstate ao profesorado a introducir as notas no XADE o 16 de abril antes das 14:00. A avaliación de pendentes celebrarase no recreo do 17 de abril na aula 6. As nota serán entregadas o 19 de abril ao longo da mañan.
 8. En canto á avaliación final de 2º de BAC: a data límite marcada pola CIUG qued establecida o 27 de maio. A semana de exames finais de 2º BAC queda establecida para do 20 ao 24 de maio. Propónse un calendario de exames que queda pendente de aprobación na próxima CCP. Apúntase a disponibilidad do equipo directivo a abrir o centro o sábado 25 de maio para facer exames.
 9. Os documentos entregados ao profesorado achéganse como anexo V no arquivo da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 10. Non hai suxestións nen preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas

O SECRETARIO

A DIRECTORA

Asdo: Manuel Pimentel González

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 26 de abril de 2013, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:

Castro, A.
Franco, M.J.
Rodríguez, S.
Sóñora, F.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Análise de resultados da segunda avaliación de pendentes.
 3. Calendario de fin de curso.
 4. Suxestións e preguntas.
1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 5 de abril de 2013.
 2. Preséntase o estudo da segunda avaliación de pendentes. O xefe de estudos constata que en xeral as notas obtidas polos alumnos que aproban a 2ª avaliación non son moi elevadas (entre 5 e 6). Tamén se observa un estancamento no traballo dos alumnos de 3º da ESO e de 2º de BAC. Advírtese un maior rendemento en determinados alumnos con moitas pendentes e unha dedicación limitada noutros.
 3. O xefe de estudos suxire a posibilidade de que os alumnos candidatos ao PDC puideran, chegado un determinado momento, dedicarse parcialmente á recuperación das materias pendentes e, deste modo, comezar o curso seguinte con poucas pendentes no PDC. Así, evitaríamos que alumnos que superan o PDC non poidan titular por mor das materias pendentes de 1º e 2º de ESO.
 4. Apúntase novamente a necesidade de reconsiderar a maneira de traballar cos alumnos con materias pendentes pois o rendemento non é adecuado.
 5. Apróbase o calendario de exames finais para os alumnos de 2º de BAC. Estes celebraranse do 20 ao 24 de maio. Aténdense as peticións do profesorado para aumentar o tempo do exame outorgando, a quen o solicite, a sesión anterior ou posterior ao exame. Con arranxo ao calendario da CIUG, a avaliación final de 2º BAC celebrarase o 27 de maio.
 6. A directora Mercedes Fernández presenta a proposta de calendario de fin de curso para a súa aprobación por parte do Claustro.
 7. A directora Mercedes Fernández comunica que a Avaliación de diagnóstico quedou establecida pola administración os días 28 e 29 de maio.
 8. A efectos de poder mellorar os resultados académicos do noso alumnado a directora Mercedes Fernández informa da posibilidade de solicitar para o vindeiro curso algún tipo de contrato-programa.
 9. Os documentos entregados ao profesorado achéganse como anexo VI no arquivo da C.C.P.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas.

A DIRECTORA

O SECRETARIO

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

Asdo: Manuel Pimentel González

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 7 de xuño de 2013, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:
Picón, M.
Mouriño, I.
Pagán, A.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
 2. Libros de texto 2013-2014.
 3. Plan de convivencia do IES Espiñeira
 4. Suxestións e preguntas.
1. Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior celebrada o 26 de abril de 2013.
 2. A directora Mercedes Fernández explica as modificacións relativas á duración dos libros de texto que pasa de catro a seis anos (a contar dende a súa elección).
 3. A directora Mercedes Fernández informa que o Plan de Convivencia foi valorado pola Comisión de convivencia do centro e que a próxima semana será remitido ao profesorado para que este poida facer as súas aportacións e suxestións.
 4. A directora Mercedes Fernández presenta o horario das sesións de avaliación ordinaria: Sesión de avaliación o 25 a partir das 9:00. Entrega de notas o mércores 26 de xuño ás 11:00.
 5. A directora Mercedes Fernández presenta unha proposta de calendario de exames para setembro: Exames extraordinarios o 2 e 3 de setembro. Sesións de avaliación o 4 a partir das 9:00. Entrega de notas o xoves 5 de setembro ás 10:00.
 6. O xefe de estudos Manuel Pimentel presenta o estudo da avaliación ordinaria de 2º de Bacharelato. Finalmente, titularon 10 alumnos de 24. As maiores dificultades obsérvanse nas materias comúns (Inglés, Galego, Castelán e Historia) onde suspenden unha terceira parte da clase. Salienta tamén a posibilidade de mellora deste resultados dado que catro alumnos quedaron para setembro con unha ou dúas materias. En canto ás pendentes, a taxa de recuperación para 2º de bacharelato sitúase nun 50% das materias pendentes. Como xa se comentou nas avaliacións anteriores, as notas seguen sendo significativamente peores no bacharelato humanístico (4,3 suspensas/alumno no Humanístico e 0,6 suspensas/alumno no tecnolóxico) e que o perfil de alumno con moitas materias non superadas apenas se modificou ao longo do curso. En moitos casos non se apreciou unha mellora do rendemento do alumnado conforme pasaban as avaliacións.
 7. Os documentos entregados ao profesorado achéganse como anexo VII no arquivo da C.C.P.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas.

A DIRECTORA

O SECRETARIO

Asdo: Mercedes Fernández Fernández

Asdo: Manuel Pimentel González